

Igrexa de Santa María de Nebra (Porto do Son, A Coruña)

(Xosé Troiano Carril)

Igrexa parroquial do século XVIII feita a base de perpiaño granítico. Posúe planta de cruz latina, con modificacións posteriores no que se lle engadiron as capelas laterais comunicadas tamén co brazo transversal. As naves están cubertas con bóveda de canón sobre arcos faixóns de medio punto e bóveda de aresta no cruceiro. Os muros son de carga, de cantería de granito, interrompida no interior por arcos de medio punto para acceder ás capelas laterais, de planta cadrada e reducido tamaño. Ós pés da nave principal, encontramos un coro de madeira. A capela maior, do mesmo ancho que a nave principal, e cuberta con bóveda de canón, ten pegada no lateral norte unha pequena sancristía dunha altura bastante menor co resto do templo. No muro lateral dereito da nave existe outra porta de acceso.

Na fachada principal destacan dous elementos: un frontón triangular partido, cunha fornela dentro do tímpano e enriba da porta unha xanela con derrame interno, e a torre-campanario situada no lateral esquerdo, de sección cadrada e formada por tres corpos superpostos, liso o primeiro; o corpo das campás con decoración barroca de pilastras acanaladas e placas cornixas e pináculos; e o remate en cupuliña semiesférica sobre tambor octogonal, rematado cun pináculo no cume.

Esta igrexa foi construída sobre outra anterior. A súa construción realizouse entre os anos 1799 e 1800 sobre os planos de José Cachafeiro. O seu prezo final foi de 9000 reais.



Con respecto as campás, ten tres situadas no oco frontal, esquerdo e traseiro.

Campá maior, frontal da torre

No oco frontal da torre sitúase a campá grande cunhas medidas de 75 cm de diámetro e 62 cm de alto interior cun peso duns 245 Kg.

No "Terzo" (T) da campá, ten unha greca seguidos de dous cordóns e unha inscrición: "JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1806" (JHS é o anagrama de Xesús en latín). Pecha esta inscrición con outros dous cordóns.

No "Medio" (M), sitúase unha cruz cunha plataforma de catro chanzos, decorada a base de selos con catro estrelas no seu interior. A cruz formada pola stipes e o patibulum está decorada con dobre ringleira de estrelas e os brazos teñen remates flamexados.

No "Medio Pé" (MP), pecha a decoración con dous cordóns

No "Pé" (P) da campá sitúase o sinete coa seguinte lenda: "ME HIZO / FRANCIS / CO ANTº / BLANCO / EN STº".



Campá maior situada no frontal da torre, fundida en 1806 por Francisco Antonio Blanco, veciño de Santiago de Compostela.

Campá mediana, esquerda da torre

Na esquerda sitúase a campá mediana cunhas medidas 69 cm de diámetro e 59 cm de alto interior cun peso duns 191 kg.

No "Terzo" (T), ten unha greca a base de triángulos con motivo vexetal seguido de dous cordóns e unha inscrición: "IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1856 *" (IHS é o anagrama de Xesús en grego). Pecha esta inscrición con outros dous cordóns e unha greca con motivos vexetais.

No "Medio" (M) da campá sitúase unha cruz dentro dun círculo do que sobresaen raios sobre un pedestal cunha plataforma de catro chanzos feita a base de triángulos con motivos vexetais. No interior da plataforma sitúase o sinete que consta dun rectángulo decorado por raias verticais e horizontais formando

cadradiños en todo o seu perímetro. Dentro deste rectángulo a inscrición "PALACI / O ME YZO".

No "Medio Pé" (MP), pecha a decoración con tres cordóns.



Campá mediana situada no oco esquerdo da torre, fundida en 1856 por Dámaso de Palacio

Campá menor, oco traseiro da torre

No oco traseiro da torre sitúase a campá menor cunhas medidas de 68 cm de diámetro e 58 cm de alto interior cun peso duns 184 kg.

No "Terzo" (T), ten dous cordóns seguido da inscrición: "IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1899 ✠" (IHS é o anagrama de Xesús en grego), pechando esta inscrición con outros dous cordóns.

No "Medio" (M), sitúase unha cruz cunha plataforma de catro chanzos feita a base de selos con motivos vexetais no seu interior. Os brazos da cruz están decorados con estrelas de oito puntas e os seu brazos rematan dunha forma potenziada. Un cordón pasa pola metade da stipes.

No "Medio Pé" (MP), entre dous cordóns superiores e dous inferiores hai a seguinte inscrición: " ✠ FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO ✠".





Campá menor situada no oco traseiro, fundida en 1899 por José Liste Villanueva en Orazo (A Estrada, Pontevedra)

Bibliografía:

- SORALUCE BLOND, J.R.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. X.: "Arquitecturas da Provincia da Coruña, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son". Volume III. Deputación Provincial da Coruña, 1998.